

1 Líder

"Brujo Quini"



POR MOITOS MÁIS

CD Lugo e Rácing Villalbés volvéronse ver na máxima categoría do fútbol base nacional. Nunca antes dous equipos da Provincia coincidiran na mesma tempada na **División de Honra** xuvenil, pero ambos abriron o camiño para as novas xeracións

Orgullo lucense no segundo derbi na División de Honra xuvenil

CASARIEGO DESNIVELOU O MARCADOR cun golazo ao inicio da segunda parte. Ata entón, o Rácing Villabés deu máis sensación de perigo, pero tralo 1-0 o Lugo controlou o encontro



Matias co balón ante Hugo nun lance do xogo



Casariego a piques de despexar o balón ante Adrián



Moreda e Adri nunha disputa con balón de por medio



Anxo saíndo airoso entre Roi, Nathan e Jacobo



Árbitro: Xabier Alain García Martín. Campo: Municipal da Reigosa - Frial - Lugo

“Viuse un bo partido de fútbol entre dous equipos que representan moi ben á provincia de Lugo na División de Honra xuvenil” **ÁLEX ANTÓN** CD Lugo

“Con cero a cero estabamos nós mais cómodos. Á raíz do gol perdemos opcións, pero increíble o esforzo para igualar dentro do campo as diferenzas que hai fora del” **SIMÓN LAMAS** Rácing Club Villabés



Isma e Diego nun lance do xogo ante Simón Lamas

O derbi entre os dous mellores equipos de fútbol base da Provincia volveuse a decidir pola mínima e cunha nova vitoria do Lugo. No encontro de ida no Roca o resultado foi de un a dous, e nesta ocasión o un a cero volveulle dar os tres puntos aos de Álex Antón.

Unha vitoria que ten moita letra pequena máis aló do resultado final, xa que o Rácing Villabés, como fixera no encontro de ida, vendeu cara a derrota e ata deu a sensación durante moitos minutos de que estivo máis cómodo no campo que os albivermellos.

Os guións definíronse desde o inicio, cun Lugo que intentou xogar en campo rival e cun Villabés moi ben situado, coas liñas xuntas e sen renunciar ao ataque por medio de rápidas contras.

Mentres se mantivo o cero a cero inicial no marcador, os de Simón Lamas estiveron como peixe no auga. Sen conceder ocasións, imponéndose nas disputas e gañando as

2

PARTIDOS PARA RECORDAR os dous derbis quedarán para sempre na hemeroteca do fútbol base lucense. Dous partidos que gañou o irmán maior pola mínima

2

XOGADORES disputaron dous partidos esta fin de semana. Nassim co filial do Lugo o sábado ante o Bouzas e Anxo co Villabés B ante o Viveiro no Roca

segundas xogadas coas que montaban as contras. Ata dispuxeron das mellores ocasións cun disparo de Alberte e, sobre todo, con outro remate cruzado de Moreda que atallou Brais na ocasión máis clara da primeira parte.

Na tregua do descanso o Lugo mentalizouse para ser máis intenso nas disputas e o xogo directo, conscientes de que si abrían a lata o derbi cae-

ría do seu lado.

O guión trazado por Álex Antón de cara á segunda parte saíu á perfección, xa que aos cinco minutos Casariego asestou un golpe definitivo ao derbi co un a cero. Un golazo que asinou o lateral tras un bo recorte para poñer o balón en toda a escuadra cun sorprendente disparo coa zurda.

Con máis de media hora por diante o derbi foi

outro. O Lugo controlou os tempos de partido, arriscou menos e o Villabés sufriu máis ao esconderlle o balón os albivermellos.

Sen ocasións claras, como bo derbi que se precia, chegou a polémica na última acción, cunha caída de Moreda dentro da área do Lugo na que os chairegos reclamaron un penalti que non se sinalou, pero que puido ser determinante como o foi outro no partido de ida.

SEGUNDO DERBI NA DIVISIÓN DE HONRA XUENIL



NUNCA ANTES DOUS EQUIPOS LUCENSES COINCIDIRAN NA MÁXIMA CATEGORÍA DO FÚTBOL BASE

Ata a próxima, este é o gran desexo do fútbol lucense, que dous equipos da Provincia volvan coincidir na máxima categoría do fútbol base nacional. Ata esta tempada tan só dous equipos lucenses disputaran a División de Honor xuvenil. Lugo e Calasancio, pero cando os monfortinos ascenderon os capitalinos descendieron e viceversa, sen chegar a verse as caras. Esta tempada, tralo histórico ascenso do Villabés, disputáronse dous derbis que abriron a porta dos seguintes.

Coa solidez por bandeira

SEGUNDA VITORIA CONSECUTIVA DO LUGO B, en ambas deixando a súa portería a cero e dando unha gran sensación de seguridade, ademais de xerar claras ocasións de gol



Árbitros: Víctor Capón, Ángel Pérez e Antonio Fernández. Campo: Baltasar Pujales

“Competimos moi ben e froito diso levámonos os tres puntos en xogo” BRUNO RODRÍGUEZ CD Lugo B

Quinta vitoria a domicilio do Lugo B esta tempada na Liga Nacional xuvenil, e segunda consecutiva coa que os de Bruno Rodríguez fixéronse co sexto posto da clasificación en solitario.

Rápido de Bouzas e Lugo B chegabán á cita cos mesmos puntos, 31, empatados na sexta praza. Unha igualdade

que se plasmou ao longo dos primeiros corenta e cinco minutos, nos que ambos equipos apostaron por crecer desde a solidez defensiva, polo que a loita librouse no medio campo, moi lonxe das áreas.

Os locais tan só puideron asomarse aos dominios de Sebas cun par de faltas colgadas á área, mentres que a



Nuno, Óscar e Lis felicitando a Javi Reigosa, que tamén marcou no partido de ida

bagaxe ofensiva do Lugo B limitouse a un disparo de Nassim desde fóra da área e a algunha inter-nada de David pola banda dereita.

Con todo por decidir chegouse ao descanso, e xa na segunda parte o

Lugo B foi quen deu un paso á fronte. Pouco a pouco foron gañando as disputas e as segundas xogadas, polo que tiveron máis continuidade no xogo e fixeron que o Rápido de Bouzas retrocedese metros ata defender no

seu propio campo. A lata abriuna Javi Reigosa, ao aproveitar un rexeite tras un saque de esquina batendo ao porteiro local cun preciso disparo. A partir de aí o Lugo B monopolizou o encontro e

2

PARTIDOS SEGUIDOS sen encaixar goles por primeira vez na tempada. A proba de fogo será a vindeira xornada ante o Deportivo B na Fonte

as ocasións. Álex estrelou o balón no poste nun man a man e Dani Arias puido facer ata en dúas ocasións o cero a dous.

A entrada de Jesús no terreo de xogo aínda lle deu máis profundidade a un Lugo B que sentenciou o encontro precisamente por medio de Jesús, ao culminar unha acción persoal a un cuarto de hora para o final do encontro. Tempo no que de novo Jesús tivo un man a man para ampliar a conta, mentres que o Rápido de Bouzas, pese a adiantar liñas na recta final, apenas puido inquietar a Sebas ante a solidez que mostraron os lucenses ao longo dos noventa minutos no apartado defensivo.

O Calasancio lócese en Valladolides e segue buscando o seu teito

SETE PARTIDOS SEN PERDER nos que os monfortinos suman 17 dos últimos 21 puntos



Jorge nun balón dividido, fixo un gran partido xunto a Diego

O Calasancio deu un golpe de autoridade en Valladolides tras impoñerse por cero goles a dous a un dos principais aspirantes ao ascenso á Liga Nacional xuvenil, tras varrelo do campo na segunda parte.

Os monfortinos foron de menos a máis, tras uns primeiros quince minutos iniciais nos que o Valladolides foi mellor e dispuxo dunha clara ocasión tras un saque de esquina no que o balón paseouse por diante dos dominios de Losada.

Pouco a pouco o Calasancio foi igualando as forzas, pero o Valladolides volveu intentar facer o un a cero ao dispoñer dun man



Árbitro: Alejandro Verissimo, Alberto Porto e Francisco Rivero. Campo: A Gándara

“Completamos la mejor segunda parte de la temporada, destacando el colectivo por encima de lo individual”

DENIS LÓPEZ Calasancio

Calasancio foi moi superior na segunda parte máis completa da tempada. Os de Denis López foron un bloque compacto, defensivamente seccionaron a todo un Valladolides e o goteo de ocasións foi constante ata que Juan sentenciou o encontro co cero a dous definitivo ao rematar un centro de Germán.

a man ante Losada, no que cun perigoso remate, pero a segunda clara foi a vencida, e o Calasancio inaugurou o marcador ao filo do descanso loicou contra que Juan Nico e na que Jorge asistiu para que Brais asinase o cero a un. Co marcador a favor o

OS MELLORES CALASANCIO

JORGE	3
DIEGO	2
JAVI L.	1

+fotos www.liderlugo.es Os martes, despois de cada xornada, publicaranse todas as crónicas e moitas máis fotos dos encontros disputados

Xuvenil Galega > RC Villalbés B | Viveiro CF



Samu do Vilalbés medíndose co celeste Pablo Louzao



David e Uriol tras un balón dividido no mediocampo



O chairego Anxo protexe o esférico de espaldas a Diego

O Roca mete ao Villalbés na loita e descolga ao Viveiro

OS CHAIREGOS TEÑEN A TIRO OS POSTOS DE PERMANENCIA mentres que os mariños, tras encadear dúas derrotas consecutivas, caen ao oitavo posto logo dun partido marcado polo estado do terreo de xogo



OS MELLORES

VILLALBÉS B	VIVEIRO CF
ANXO 1 1 1	ROLLE 1 1 1
DAVID 1 1	DIEGO 1 1
NICO 1	XAVI 1

O factor Roca volveu ser determinante. O estado do terreo de xogo racinguista segue sendo como unha visita ao dentista para os equipos que teñen que visitalo. Nesta xornada foi a quenda do Viveiro, que tamén claudi-

cou ante o empuxe dos chairegos.

Antonio Serrano preparou o encontro concienciando ao longo da semana aos seus xogadores do que se ían a atopar, e ata variou o sistema de xogo co debut de Carlos no once inicial por primeira vez esta tempada, e con Pablo Louzao no interior esquerdo como principais novidades.

De inicio o Viveiro foi mellor, cuns vinte primei-

“Todos os xogadores merecen un dez neste encontro” IVÁN LAMAS RC Villalbés B

“Me da mucha pena que en pleno 2018 se jueguen partidos en estas condiciones” ANTONIO SERRANO Viveiro CF

1

GOL ANULADO

No tempo de desconto David Ben asinou o empate a dous, pero o gol non subiu ao marcador tras ser anulado por fóra de xogo

22

PUNTOS DO RÁCIING

Con Unión e Conxo xa des-cendidos, os de Iván Lamas xogaranse a permanencia con O Val, Victoria B, Ural B e Betanzos

ros minutos moi bos nos que ata se puido adiantar no marcador por medio de Rolle e Carlos. Pero co paso do encontro, e segundo se ía poñendo máis pesado o terreo de xogo, as forzas igualáronse e o Villalbés B conseguiu levar o partido ao terreo que mais lle interesaba.

Froito diso chegou o un a cero ao filo do descanso, tras unha disputa no medio campo, o balón terminou en poder de Anxo e este, cun bo disparo desde fóra da área, inaugurou o marcador co un a cero co que terminou a primeira parte do derbi Provincial.

A intensidade e as disputas marcaron o inicio

da segunda parte. Nunha acción fortuita Sergi tivo que ser atendido tras recibir un golpe no nariz. Mentres que o central estaba fóra do campo e o Viveiro xogaba con dez, o Villalbés puxo terra polo medio no marcador co dous a cero aos cinco minutos da segunda parte.

Nesta ocasión foi David, tras unha xogada individual logo dun saque de esquina coa que asinou o seu segundo gol nos catro partidos que leva disputados coa camiseta racinguista.

O Villalbés fíxose forte en defensa, con Clemente seguro nos balóns aéreos, pero o Viveiro deulle emoción á recta final tras recortar Rolle distancias logo dun saque de esquina. Con vinte minutos por diante o Viveiro intentou meter ao Villalbés no seu campo, pero os chairegos resistiron e ata Nico puido sentenciar o encontro tras unha nova acción a balón parado, Pola súa banda Clemente evitou o empate de Carlos na ocasión máis clara dos mariños, antes de que no último minuto se lles anulase un gol de David Ben por fóra de xogo na derradeira acción do encontro.



David celebrando o momentáneo dous a cero no Roca



Angel trata de manter o coiro ante Carlos e David Ben



Santi a piques de centrar ante Pablo Louzao, detrás Uriol



Rolle a piques de golpear o esférico ante Anxo

Mario Prol rescatou un punto para o Lugo, que foi de menos a máis

ASEDIO FINAL

sen premio para os lucenses en Bouzas

R. BOUZAS **1** CD LUGO **1**



Goles: Souto polo Bouzas, Mario Prol polo Lugo. Arbitro: Juan Luis Dávila Fernández

“Los jugadores han hecho méritos para haber ganado, defendieron con convicción y atacaron con inteligencia”

JOSE MATO CD Lugo

Reparto de puntos en Bouzas entre o Rápido e o Lugo, nun partido no que os lucenses foron de menos a máis e no que asediaron a portería local ata o asubio final en busca dunha vitoria que se resistiu pese a merecelo.

Ao Lugo custoulle entrar no partido, xa que malia que intentou meter ao Bouzas no seu campo, cada vez que estes se facían co balón, xeraban perigo ás costas da defensa lucense. Deste xeito chegou o un a un a cero aos dez minutos, tras unha indecisión defensiva.

A partir de aí o Bouzas se replegou e cedeulle a iniciativa no xogo a un Lugo que se armou de paciencia e que empezou a xerar ocasións no tramo final da primeira parte, pero ao descanso chegouse con un a cero no marcador.

As boas sensacións confirmáronse na segunda parte, na que Mario Prol atopou o camiño do gol tras un libre indirecto dentro da área. Con vinte minutos por diante o Lugo monopolizou o xogo e as ocasións, pero o balón non quixo entrar e o encontro finalizou en reparto de puntos.

Un Lugo B camaleónico

OS DE IVÁN ALONSO adaptáronse ao que requería o encontro, marcado de inicio polo terreo de xogo, anegado pola chuva na Gándaras

CD LUGO B **4** 2 MONTAÑEROS **42**



Arbitros: Javier Gómez, José Luis Cabanas e Francisco Ibañez. Campo: Rodríguez Lago

“El trabajo de todo el año se ve en que el equipo es capaz de adaptarse a cualquier contexto del juego” IVÁN ALONSO CD Lugo

O Lugo B asinou un gran encontro ante o Montañeros nun escenario que obrigou aos de Iván Alonso a cambiar a súa forma de xogar, xa que o terreo de xogo estaba moi encharcado e era imposible circular o balón. Os lucenses non dubidaron e puxéronse o mono de traballo para realizar un fútbol máis directo do que tamén saíron airoso.

Tres dos catro goles do Lugo chegaron tras cadansúa accións a balón parado, o primeiro aos seis minutos cunha falta executada por Samu, que tras botar nun charco foise directamente ao fondo a portería.

O Lugo B estaba intenso nas disputas e atento ás segundas xogadas, polo que meteu por momentos ao Montañeros no se campo. No ecuador da primeira parte Pérez volveu acudir á súa cita co gol, tamén dunha forma pouco habitual, ao rematar un saque de esquina lanzado por Samu.

Nunha das poucas accións que o Montañeros puido rasear o balón, creou unha bonita xogada ao borde da área, cunha parede trala que o nove herculino plan-touse só ante Brais, asinando deste xeito o dous a un co que se chegou ao descanso.

Xa na segunda parte do campo



Brian controlando o balón ante a mirada de Manu e dun rival



Pérez, que marcou por partida dobre, despexando o balón ante Iago

mellorou e o Lugo B volveuse a adaptar rápido, sen pasar por complicacións defensivas á vez que continuou explotando as accións a balón parado, de novo por medio de Samu, esta vez sacando unha falta lateral que rematou Manu cun remate picado.

A falta de dous minutos o Montañeros recortou distancias cun lanzamento de falta directa, pero no tempo de desconto, de novo Pérez, rematou no segundo pau un centro de Brian para establecer o definitivo catro a dous nas Gándaras.

STA. MARIÑA **1** CALASANCIO **1**



Goles: Tagüi polo Calasancio e Juan polo Santa Mariña. Arbitro: Iván Mosquera, Carlos Vila e Alberto Porto

Cuarta xornada consecutiva puntuando do Calasancio na Liga Galega cadete, unha boa dinámica que non se ve reflectida na clasificación, na que os seis últimos equipos sumaron esta xornada, ata de tres en tres como Ourense, Portonovo e Salgueiriños, rivais directos pola permanencia.

Os de Cordas tiñan unha

Un punto agridoce

TRALAS VICTORIAS DOS RIVALS DIRECTOS DO CALASANCIO



O capitán monfortino, Abel, coa pelota por diante de Iker

“Debemos seguir nesta liña”

CORDAS CP Calasancio

Tagüi.

Xa na segunda parte, o propio Tagüi rompeu o cero a cero inicial cun golazo por toda a escuadra. O nove neste encontro foi o mellor do partido, polo gol e pola súa mobilidade ao longo dos oitenta minutos.

O partido entrou nunha fase de desconcerto tralo cero a un, pero o Santa Mariña empatou coa lei do mínimo esforzo, nunha acción na que o Calasancio pediu fóra de xogo. Con todo, o gol subiu ao marcador a falta dun cuarto de hora, tempo no que Manu mostrou moi seguro para despexar dous disparos dos locais, mentres que o Calasancio tivo nunha falta ao borde da área a súa mellor ocasión para poder sumar os tres puntos.

OS MELLORES

CALASANCIO
TAGÜI **4** **4**
ABEL **4** **4**
IVÁN **4** **4**

complicada saída para medirse a un Santa Mariña que está en postos de ascenso, nun partido que non se xogou no campo previsto e disputouse nun máis pequeno. Isto obrigou ao Calasancio a variar o guiño previsto sobre a marcha pero os monfortinos plasma-

ron o seu bo momento sobre o terreo de xogo e ante un dos mellores equipos da competición.

Na primeira parte o Calasancio esperou replegado, apenas houbo ocasións, pero as máis claras foron para os monfortinos a balón parado por medio de Iago e



Iago protexendo o balón ante Cánovas na banda



Boixet a piques de despear o balón ante Gabri



López, co balón, ante Trasi, Alex, Manu Río, Xoel e Abel

O Villalbés desnivelou a balanza na segunda parte

CERO A CERO AO DESCANSO, pero nos segundos corenta minutos os de Cholas tiveron máis pegada que o Viveiro nun derbi no que os chairegos se adaptaron mellor ás condicións do campo

“Resultado corto para lo sucedido a lo largo de los ochenta minutos. Hemos superado en todo al rival y somos justos vencedores”

CHOLAS RC Villalbés



“Partido muy complicado de disputar en un terreno de juego en no muy buenas condiciones para poder jugar un partido de fútbol”

LUCHI Viveiro CF



Xoel e Gabri nun duelo de capitáns no mediocampo

O Rácing Villalbés cadete tamén se quedou cos tres puntos en xogo ante o Viveiro no segundo derbi provincial que se disputou no Roca o pasado sábado. Pola mañá fixérono os xuveniles con máis suspense,

pero pola tarde, os de Cholas impuxéronse superando aos mariñaos nunha das súas mellores virtudes, a pegada.

O Villalbés estivo máis cómodo desde o inicio,

intenso e gañando as disputas ante un Viveiro que sufriu no Roca ao non poder elaborar xogo. Pouco a pouco os de Luchi puxéronse o mono de traballo e fóronse adaptando, pero nunca se atoparon cómodos.

López meteulle o medo no corpo aos mariñaos cun remate ao poste aos cinco minutos tras un saque de esquina. Acto seguido respondeu o Viveiro por medio de Noel, pero o punta celeste tamén se atopou co poste.

O Villalbés deu máis sensación de perigo,



Iago e Trasi medíndose tras un balón solto



Abel a piques+ de controlar o balón entre Boixet e Xoel

26

PUNTOS DO RÁcing, que pon terra de por medio cos postos de descenso trala segunda vitoria consecutiva no Estadio Roca

OS MELLORES

VILLALBÉS	VIVEIRO CF
LÓPEZ 1 1 1	XOEL 1 1 1
IAGO 1 1	ALBERT 1 1
ANDRÉS 1	JUAN 1

puxo máis veces o balón na área visitante e acumulou máis xogadores en campo rival para

5

VITORIAS CONSECUTIVAS levaba o Viveiro na mellor xeira da tempada. Os de Luchi intentarán iniciar unha nova ante o Santiago B no Cembedo

gañar as segundas accións, claves tendo en conta o estado do campo, que cada vez se foi poñendo máis pesado. Con todo, ao descanso chegouse co cero a cero inicial.

Trala tregua nos vestiarios a segunda parte empezou con máxima igualdade, co Viveiro coa clara idea de igualar o xogo con fútbol directo, pero neste aspecto o Villalbés é máis forte. Os de Cholas pegaron con contundencia ao inaugurar o marcador ao cuarto de hora da segunda parte tras un centro de Iago que rematou Álex de volea ao fondo da portaría defendida por Egoitz. Sen tempo para assimilar o gol en con-

4

PARTIDOS SEN MARCAR O Viveiro, quedou por cuarta vez esta tempada sen marcar nos 24 partidos que levan disputados

tra, o Viveiro encaixou o dous a cero tan só catro minutos despois co golazo da tarde. López enganchou un potente disparo desde tres cuartos de campo que se coou por toda a escuadra, poñendo terra polo medio nun marcador que sentenciou Abel ao aproveitar o rexeite tras unha segunda xogada nun saque de esquina, asinando o terceiro gol do Villalbés en apenas oito minutos.

O Viveiro non baixou os brazos e puido recortar distancias por medio de Xoel e Adrián, pero co marcador a favor o Villalbés fixose forte en defensa ante un rival que, pese a intentalo, non puido romper a compostura local.



Andrés despearando un balón dividido ante Juan

O Calasancio levantou o voo ao grande na segunda parte

TRALO CERO A CERO CO QUE SE CHEGOU AO DESCANSO, os de Carlos Fontal foron mellores e levaron o encontro á parcela prevista, sumando tres puntos que lle dan moito aire aos monfortinos

“Gran partido de todo el equipo. Nos merecíamos un resultado así después de las últimas jornadas” CARLOS FONTAL Calasancio



Árbitro: Sergio Simons, Milagrosa Posada e Pablo Otero Campo: Fragoledo

O Calasancio traía o balón xogado desde ensaiado ao longo destas dúas últimas semanas de adestramento. Os monfortinos, conscientes da importancia do este partido a nivel clasificatorio, prepararon o partido moi ben, sabendo que o Coruxo quería saír atrás, o equipo de Fontal atraxou uns metros a súa presión, xuntou liñas e leu o partido á perfección á contra, sabendo esperar o seu momento. O Calasancio estivo cómodo no terreo de



Adrián a piques de rematar a porteria nun encontro disputado nos Escolapios

xogo desde os primeiros minutos, nos que Álex tivo o cero a un ao estrelar un balón no poste. A sensación de perigo dos monfortinos era unha constante, xa que roubaban e

saían á contra coas ideas claras ante un Coruxo que pouco a pouco se foi desesesperando ao non atopar vías para romper o entramado defensivo dos vermellos.

Ao descanso chegouse co cero a cero inicial, pero a sensación de perigo era maior por parte visitante. Algo que se confirmou nos segundos corenta minutos.

Aos catro de xogo Cereijo, o mellor xogador do encontro, inaugurou o marcador tras aproveitar un rexeite chegando desde segunda liña.

A raíz do cero a un o Coruxo arriscou máis, o que propiciou que o Calasancio tivese máis opcións. Os monfortinos levaron o marcador ata o cero a dous tras un roubo de Cereijo, unha asistencia de Xoel e a finalización perfecta de Álex no man a man ante o porteiro local.

O Coruxo recortou distancias pouco despois na primeira e única lagoa defensiva do Calasancio ao longo do encontro, pero nin co un a dous os monfortinos perderon a compostura.

Na recta final o Calasancio deulle a estocada final ao encontro, primeiro co tres a un que asinou de novo Álex, e na recta final co definitivo e contundente un a catro que subiu ao marcador Adrián cun gran remate de cabeza.

Cruel desenlace final na Coruña

UNHA BOA VERSIÓN DO POLVORÍN cedeu os tres puntos en xogo ao encaixar dous goles no tempo de desconto ante o Montañeros



Javi co esférico nun encontro xogado en Montirón

O Polvorín terá que repoñerse do duro conratempo que sufriron os de Caballero na Coruña, onde tras realizar un gran encontro, cederon todo o botín en xogo ante o Montañeros no tempo de desconto.

Ata entón, o Montañeros creara algún problema nos primeiros minutos, pero en canto o Polvorín se asentou e axustou as marcas, deu un paso á fronte.

No medio da igualdade chegou o primeiro xerro de auga fría neste encontro, co un a cero no ecuador da primeira parte



Árbitro: Adrián García, Pablo Ferreira e Gabriel Rodríguez Campo: Leyma - A Coruña

tras unha acción illada dos herculinos.

A partir de aí, lonxe de verse abaixo, os amarelos foron crecendo pouco a pouco e puideron empatar cunha internada de Diego ata a liña de fondo, pero o seu

pase da morte non atopou rematador.

As boas sensacións continuaron tralo descanso, onde o Polvorín mentalizouse de ir a polos tres puntos. O máis difícil fixoo,

“No vamos a rendirnos por nada del mundo. Seguiremos peleando”

CABALLERO EF polvorin

devolver as táboas ao marcador, ao rematar Fer no segundo pau un córner que peiteou Juanma no primeiro poste.

Con practicamente media hora por diante o Polvorín foi quen máis méritos fixo para gañar. O árbitro non sinalou un claro penalti por man na área local, pero o gol parecía cuestión de tempo ata que chegou o inxusto dous a un no tempo de desconto. Coa moral caída, na seguinte acción chegou o terceiro gol local nun cruel desenlace.

+fotos www.liderlugo.es Os martes, despois de cada xornada, publicaranse todas as crónicas e moitas máis fotos dos encontros disputados

A outra xornada, por EMILIO ROSANES

Adestrador Nacional Uefa-Pro. Colexiado de Segunda División 'B' durante seis tempadas e ex-representante da Asemblea da Real Federación Española de Fútbol polo estamento arbitral

GRACIAS, SEÑOR QUINI

Semana deportiva absolutamente ensombrecida por el repentino fallecimiento de Enrique Castro González, "Quini", delantero internacional que formó parte del Real Sporting de Gijón y FC Barcelona y, sin lugar a dudas, una de las personas que más y mejores valores han aportado a nuestro deporte.

cabo por una muy variada gama de personajes que aterrizan en nuestro deporte.

Allí estaba delante de nosotros uno de mis ídolos de juventud, entregado de forma absoluta a una nueva función. Atrás habían quedado sus 35 internacionalidades, sus cinco temporadas como máximo goleador del Campeonato de Liga de Primera División, dos Mundiales y un secuestro de varias semanas que, en un maravilloso gesto de generosidad, nunca llegó a denunciar, renunciando a la indemnización económica que le correspondía.



veinte o treinta años que no ves y poder darte un abrazo. Eso es lo más bonito que te entrega la vida. Eso es lo que yo estoy viviendo desde hace años y es algo maravilloso".

seguía por carretera hasta Viveiro. "Buen viaje y cuidado con la carretera que la noche no está para conducir", fueron sus palabras de despedida.

Multitud de muestras de reconocimiento y aprecio máximo se han sucedido durante el fin de semana por todos los rincones de nuestro país, destacando el maravilloso gesto realizado por nuestro equipo más representativo, Club Deportivo Lugo, dedicándole la victoria del pasado sábado sobre el propio césped del Estadio Anxo Carro a la finalización del encuentro.

Quini ha sido la viva imagen de los mejores valores de nuestro fútbol, de humildad al servicio de un equipo y de una función, tanto en el terreno de juego como fuera del mismo, de entrega a una labor por encima de intereses personales y un inmejorable modelo de cercanía, naturalidad y generosidad.

Aquel día de su debut como delegado, a la finalización del partido, disputado bajo unas muy adversas condiciones climatológicas, sin perder un ápice de su sonrisa pese a la adversidad del marcador final, nos acompañó a nuestro vehículo interesándose por el viaje de retorno a nuestros domicilios, indicándole que tres miembros del equipo arbitral debían coger un avión en el Aeropuerto de Avilés y el cuarto integrante

Hoy somos los que te admiramos quienes te deseamos un "Buen viaje, amigo".

Trascurría la temporada 1995-1996 y tuve el privilegio de formar parte del equipo arbitral designado para dirigir el encuentro en el Estadio de El Molinón, en el que Quini debutaba como Delegado del club sportinguista.

De su maravilloso y fructífero legado, compartimos un extracto de una de sus últimas entrevistas:

"Es un privilegio haber sido futbolista. Esta profesión es el marco perfecto para conseguir lo fundamental de la vida: crear amistades, hacer amigos y tener la emoción, vayas donde vayas, de poder encontrarte con gente que quizás hace

Gracias por tu ejemplaridad, por el legado de valores que has aportado, por las emociones que nos has transmitido y por las lecciones de trato a los semejantes que nos has impartido. Lo que supone, como ha escrito Víctor Hugo en Los Miserables, el mejor de los patrimonios para, llegado el momento, poder mirar de frente a Dios.

Su agradable recibimiento a nuestra llegada al estadio vino acompañada de una petición de disculpa por los futuros errores que pudiera cometer en su reciente función asignada, haciendo gala de una humildad totalmente alejada de las habituales exhibiciones de altanería, egocentrismo y pseudoconocimientos llevadas a



Alesito trata de recuperar un balón preto da área



Andrés vaise por velocidade dun xogador rival



O albivermello Jorge, autor do gol do CD Lugo

A posta en escena dilapidou as opcións

0-3 AO DESCANSO, sendo a mellor noticia neste encontro para o Lugo a boa reacción que tiveron no segundo tempo

O Lugo cedeu os tres puntos en xogo ante o Arosa nunha nova xornada da Copa Galicia na que os lucenses aínda non estrearon a conta de puntos. Neste último partido as opcións se esfumaron moi pronto, tras unha discreta posta en escena que o Arosa aproveitou para poñer terra polo medio no marcador.

"Tras unha mala primeira metade o equipo demostrou saber competir na segunda"

BRAIS PRADOS CD Lugo

ben, pero a partir dos cinco minutos o Arosa fíxose co mando e con moita contundencia plasmouno no marcador.

cero a dous chegou ao cuarto de hora e o cero a tres no minuto vintecinco, ambos goles tras cadanseu disparos desde fóra da área ante os que pouco puido facer Jacobo.

a situación cando peor pintabas as cousas nas Gándaras, xa que nada máis empezar a segunda parte o Arosa fixo o 4-0.

Con todo un segundo tempo por diante o Lugo optou pola vía máis complicada, lonxe de baixar os brazos competiu á marxe do resultado e conseguiu igualar as forzas, dispuxo de ocasións, recortou distancias por medio de Jorge e puido maquillar aínda máis o resultado ao dispoñer Dablanca e Marco das ocasións máis claras.

	CD LUGO	1	4	AROSA	
	Gol Jorge			Goles: Hugo, Roi, Dani e outro en propia porta	

Arbitro: Alejandro Ferreiro, Miguel Rodriguez e Alejandro Luna. Campo: Rodriguez Lago 1



Freire trata de marcharse dun contrario

A Residencia despega na táboa

OS DE KAISER SON LÍDERES DESTACADOS con seis puntos máis que Milagrosa e Ribadeo

MILAGROSA	2	4	RESIDENCIA
Goles: Nico e Rafa			Goles: Lombardía (3) e Iván
Brais	Mario (Héctor)	Gabri	Álex Goas
Cristian	Miguel (Alex)	Diego	Melvin
Borja (Carmelo)	Nico	Iván (Pabito)	Rodrigo
Bruno	Juan (Manuel)	Lombardía	Juanillo
Gael	Rafa (Alberto)	Luisito	Luis Gómez (Piti)
		Dani L. (Dani Pérez)	Manu Zurdo

Arbitro: Adrián Fernández Calvin. Campo: Luis López Gorgoso - Friga



Miguel da Mila, a piques de facerse co coiro ante Lomba



Luisito co balón controlado ante Rafa en medio campo

OS MELLORES

MILAGROSA	RESIDENCIA
DIEGO	LOMBA
CARMELO	MANU Z.
NICO	DANI P.

